



## BASES PARA A SELECCIÓN DO DIRECTOR DO OBRADOIRO DE EMPREGO " COBAS XUVENIL"

### Primeira .- Obxecto.

Estas bases teñen como finalidade, de conformidade co previsto no artigo 11 da orde do 29 de marzo de 2017 da Consellería de Economía, Emprego e Industria, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para o fomento do emprego a través dos programas mixtos de emprego e formación da Comunidade Autónoma de Galicia dirixidos a mellorar a empregabilidade, a cualificación e a inserción profesional das persoas mozas incluídas no ficheiro do Sistema nacional de garantía xuvenil, a determinación do sistema, procedemento, requisitos e baremos das probas que se aplicarán na selección de quen será contratado como director do **Obradoiro de Emprego "Cobas Xuvenil"**, promovido polo Concello de Monforte de Lemos e subvencionada pola Consellería de Economía, Emprego e Industria .

### Segunda.- Funcións do posto de traballo.

As funcións que, con carácter xeral, corresponden ó posto de traballo obxecto desta convocatoria, son:

Superior dirección do persoal, das actividades formativas que se desenvolvan no **Obradoiro de Emprego" Cobas Xuvenil"**, e das actuacións práctico-laborais dos seus participantes, así como aquelas que deriven da aplicación da normativa de Seguridade e Saúde laboral.

Velar polo cumprimento dos obxectivos perseguidos coa posta en funcionamento do proxecto formativo.

Impartilas clases teóricas dos distintos módulos.

A dirección de obra ou a dirección de execución segundo a titulación

Aquelas outras que, con ocasión do desenvolvemento do proxecto, lle sexan encomendadas.

### Terceira.- Características do contrato de traballo.

O contrato de traballo que subscribirá a entidade promotora co seleccionado, terá carácter temporal, cunha duración de seis meses e a xornada completa.

A persoa que resulte seleccionada estará sometida ó réxime de incompatibilidades que determina a lexislación vixente, debendo permanecer no obradoiro de emprego durante a xornada de traballo.



Cuarta.- Requisitos dos aspirantes.

Os interesados en participar no proceso selectivo deberán reunir os seguintes requisitos:

a) Requisitos xerais.

Non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o normal desempeño das funcións que corresponden á praza convocada.

Estar en condicións de incorporarse ó posto de traballo na data do inicio do proxecto formativo ou naquela que se lle indique.

Comprometerse activamente no adecuado desenvolvemento do proxecto formativo, como medida activa de fomento do emprego

b) Requisitos mínimos.

- Ocupación: **Arquitecto, Arquitecto técnico, Enxeñeiro agrónomo, Enxeñeiro de montes, Enxeñeiro técnico agrícola ou Enxeñeiro técnico forestal**

**-Experiencia profesional mínima de 24 meses na ocupación.**

-Acreditar a competencia docente co certificado de profesionalidade de formador ocupacional ou co certificado de profesionalidade de docencia da formación profesional para o emprego, ou co CAP ou que acrediten unha experiencia docente contrastada de polo menos de 600 horas nos últimos dez anos en formación profesional para o emprego ou do sistema educativo.

A posesión destes requisitos mínimos condicionarán a admisión dos candidatos ó proceso selectivo.

En todo caso, os interesados deberán posuír os ditos requisitos ou estar en condicións de obtelos na data na que se leve a cabo o sondaxe.

Quinta.- Composición e funcións do grupo de traballo mixto.

De conformidade co previsto nos artigos 11 e 12 da antedita Orde, reguladora do programas de obradoiros de emprego, o grupo de traballo mixto encargado das actividades de selección, estará integrado por catro membros. Dous o serán en representación da Consellería de Economía, Emprego e Industria e designados polo Xefe Territorial que, ademais, determinará quen será o que ostente a presidencia do grupo de traballo, e dous en representación da entidade promotora.

O Grupo Mixto quedará constituído e poderá actuar coa asistencia da metade dos seus membros dos que polo menos un será dos representantes da Consellería de Economía, Emprego e Industria.